



Parlamento das Letras: Rebeca Baceiredo

Publicado o [09/10/2013](https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/10/09/parlamento-das-letras-rebeca-baceiredo/)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/10/09/parlamento-das-letras-rebeca-baceiredo/>

Rebeca Baceiredo é de terra onde ata as fontes cantan. Mais a esta ourensá non se lle deu pola lírica laimeira, antes ben pola escrita transcendente, versalidade reflexiva ou ontopoética, unha outra modulación do que é o seu natural: o ensaio filosófico, o discurso sobre o pensamento, profundar incesante na realidade social e a(s) identidade(s) cambiante(s) do(s) suxeito(s).

Deleuziana convicta, na súa visión do fenómeno literario non caben os paradigmas periclitados, as esencias inamovibles ou as tradicións respectables. O seu é ir abrindo camiños como quen cava tumbas, fender a terra para despenarse nos abismos dun eu hiperconsciente ao que a xenérica convencional lle importa ben pouco.

Rebeca Baceiredo non contempla, radiografa a realidade, tomografía a existencia, deconstrúea, verbalízaa analizando as súas simas, detectando crises e propondo novas sínteses. Escoítala é como oír as augas subterráneas dun pensar freático que aflorase en imparable géiser. Velaí o vén.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Foi Carlos Lema o primeiro que me deu a oportunidade de publicar. Penso que en certas zonas conceptuais coincidimos (igual non na liña teórica, mais nutrémonos nesa diferenza). De Estaleiro saliento e agradezo a liberdade ofrecida fronte a determinados textos. (Agradezo, en xeral, como persoa, o esforzo doutras para que as zonas menos comúns se expresen).

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non teño unha percepción moi nítida de como ou a quen chega o que poida escribir, así que carezo de resposta obxectiva a esa pregunta. Pero podo ter unha subxectiva, moi probablemente baseada nos meus propios prexuízos sobre o mundo. Entendo que un determinado tipo de estilo ensaístico é mellor acollido polo sector sociolóxico que le; penso que o estilo máis académico, que non ofrece o pensamento xa dixerido nin presentado coma se fose unha aparición nova, espontánea e persoal, senón que deixa que latexe nas bisagras dos conceptos, para quen queira

cheirar esas potencias, non é moi comprendido. E, finalmente, o que considero que se asimila con maior dificultade son os textos aos que semellan faltarlle referentes inmediatos, textos que xogan coa produción de sentido, textos que son aquel verbo para o que dicir e crear coinciden (textos de gozo).

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Nunca forzo a escrita. Non penso 'vou escribir sobre isto', a non ser que sexa algo moi específico e sobre o que xa estivera pensando. En xeral, hai temas que me van interesando, porque poden explicarme partes do mundo que preciso —vitalmente— coñecer. Entón, escribes a medida que descoñeces e calas a medida que coñeces. É moi mítica esta resposta... Por outro lado, outro tipo de textos, máis íntimos, son froito de procesos internos: escribir, entón, axúdame a facer esa travesía, a organizar esa experiencia (que non é só psíquica).

Polo demais, nun nivel máis mundano, penso que os meus biorritmos, para o traballo produtivo, están máis álxidos de tres a seis. As cousas creativas, co solpor).

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Cos menos normativos (por reivindicar algo, a saber, o Afora, que é onde está a vida). En serio: penso que as persoas que podemos ter máis cousas en común ou menos, fronte ás cousas, cousas coma o Nomos...

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Penso que non teño moita traxectoria literaria e penso, sobre todo, que, aínda que a tivese, tampouco tería moita perspectiva (é tamén a miña opción persoal fronte a determinadas cousas). Cada acontecemento, entendo, é importante nun momento dado, en distintos planos...

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Ben, para min Gilles Deleuze estrutura o meu coñecemento sistemático e ofréceme as respostas que preciso e que a me funcionan (para a miña sensibilidade, para a miña estrutura cognitiva). Clarice Lispector sempre me permite atopar recoñecemento dese gratificante nos abismos de soidade. Os dous permítenme abrir os seus libros, ao azar, e beber con gozo. Mais, en xeral, regresar a calquera metafísica (en calquera xénero, de calquera tradición cultural) faime sentir arroupada (por despoamento). Fágoo acotío, co solpor.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

A resposta que podo dar é pura impresión... Coido que, a pesar do claro ataque contracultural por parte de institucións fascistas (e entendo por fascismo, simplificando, a anulación da diferenza), nalgúns casos estase a conseguir unha relación coa linguaxe cada vez máis elegante, por profunda e libre. Ben, isto é algo que me interesa a min, concretamente, nada máis.

O que penso que sobran son egos, en xeral, en todos lados, dentro e fóra, da literatura e de nós mesmxs.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Penso na morte dende que era unha rapaza, así que hai tempo que vivo coa sensación e a certeza de que podo morrer en calquera momento —como calquera, claro— e está ben, non pasa nada. Vivo asimilando que fixen na vida todo o que puiden facer, mellor ou peor, segundo puiden. E

que as cousas que non fixen non as fixen porque en realidade non me interesaban demasiado (ou porque non tiven a opción).

(Charlaba hai pouco que, antes de presentar a tese, si, aí pensas: se teño que morrer, que sexa despois de presentala! Pero iso é como se tes a entrada dun concerto ou un billete para viaxar, non?)

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Do presente literario galego penso (o mesmo que da dimensión cultural xeral): os circuítos de poder (dende fóra, coas seleccións editoriais mimetizando as pautas do centro do sistema; dende dentro, cos propios micropoderes) asolagan a creación de formas-contidos que xeran, de verdade, diferenza. Por unha banda, no que sería a dimensión artística, entendo que esa apertura a novos terreos é o seu cometido; e en tanto que cultura, como acervo de instrumentos conceptuais, tampouco se ten que quedar nesa recompilación, senón que terían que ser empregados, estes instrumentos, para crear outras cousas, para seguir camiñando.